



**IV CONGRESO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL SOBRE
COMPOSTAXE PARA CENTROS DE ENSINO**



revitaliza

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA REVITALIZA

A xestión de residuos é un dos principais problemas ambientais aos que diariamente se teñen que enfrontar os Concellos. A Deputación de Pontevedra fai unha aposta clara pola colaboración cos concellos na posta en marcha de plantas de tratamento biolóxico e polo impulso da compostaxe, tanto a escala individual como comunitaria e comarcal.

É precisa a colaboración da poboación local para reducir os elevados custes da recollida e tratamento dos residuos, separando e levando a materia orgánica aos composteiros.

Este programa vai dirixido ao alumnado de primaria e secundaria dos centros educativos dos concellos adscritos ao Programa Revitaliza e próximos aos composteiros comunitarios implantados pola Deputación de Pontevedra, acompañado dunha formación específica tamén para o profesorado.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Concienciar á comunidade educativa da problemática dos residuos.
- Acadar un cambio de actitudes e responsabilidade na separación dos residuos orgánicos domésticos.
- Compromiso persoal ante a redución dos mesmos e co uso dos composteiros comunitarios e individuais.
- Informar sobre a importancia da compostaxe como alternativa necesaria, ao ser máis económica e ecolóxica que os tratamentos actuais.

Obxectivos Específicos

- Traballar coa comunidade educativa centrándose nos ciclos de primaria e ESO dos centros educativos das zonas onde haxa composteiros comunitarios.
- Coordinar e facer un seguimento individualizado do programa educativo en cada centro, ofertando e adecuando as actuacións do programa ás demandas de cada equipo educativo.

IV Congreso de Educación Ambiental sobre compostaxe para centros de ensino da provincia. Pontevedra, maio de 2020

Destinatarios: Centros de ensino primario e secundario de concellos con centros de compostaxe comunitaria.

Proxectos a presentar:

1. Deberán abordar aspectos relacionados coa compostaxe.
2. Estrutura: Título, contexto e obxectivos, metodoloxía, actividades, continuidade no tempo, orixinalidade da proposta e orzamento.
3. O idioma oficial da convocatoria é o galego.
4. O prazo de inscrición finalizará o 17 de xaneiro de 2020.
5. Os proxectos deben ser enviados ao correo ***revitalizapontevedra@hotmail.com***
6. Participarán nesta convocatoria unha selección dos proxectos seleccionados por cada modalidade (primaria e secundaria) de entre o total dos presentados. Valoraranse o impacto sobre a comunidade educativa, metodoloxía, interdisciplinaridade, orixinalidade e creatividade do proxecto.

Ao rematar o prazo de inscrición, comunicarase mediante correo electrónico os centros que resultaron seleccionados para participar nesta convocatoria.

Axuda económica

1. A cantidade concedida non excederá os 300 € por proxecto.
2. As axudas económicas teñen a finalidade de sufragar gastos que xere ao centro na realización do proxecto presentado (desprazamentos, material funxible, bibliografía, reprografía, fotografía...).
3. Para recibir o ingreso da axuda económica, os centros deberán enviar unha certificación bancaria, na que conste como titular o centro educativo, por correo postal ao CEIDA.
4. O ingreso será realizado durante o curso escolar. Tras do ingreso da axuda concedida, o centro enviará ao CEIDA, por correo postal, un xustificante (en papel timbrado do centro) que certifique a recepción da citada axuda.

5. A xustificación das axudas concedidas efectuarase mediante un orzamento dos gastos realizados no desenvolvemento do traballo e acorde co orzamento presentado. Os gastos acreditaranse mediante facturas.

Desenvolvemento da Convocatoria

I. - Seguimento e asesoramento

1. O equipo educativo de Revitaliza realizará un seguimento de cada un dos proxectos seleccionados, tanto para asesoramento como para verificar o cumprimento das actividades propostas.
2. O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga está a disposición de cada un dos centros participantes.
3. A organización resérvase o dereito de retirar da convocatoria a algún dos centros en caso de que o proxecto non cumpra os obxectivos e contidos polos que fora seleccionado.

II. - Actividades previstas

1. Os proxectos participantes nesta convocatoria serán divulgados nas redes e perfís de redes sociais do Proxecto Revitaliza. Anímase tamén aos centros participantes a publicitalo nas webs dos propios centros, co obxectivo de manter informado ao resto dos participantes do desenvolvemento dos seus proxectos.
2. Cada centro participante elaborará un pequeno vídeo divulgativo do seu proxecto que deberá ser entregado coa memoria final. Terá unha duración máxima de 10 minutos, e entregado en formato AVI ou MPEG.

De xeito opcional, os centros poderán preparar outro material expositivo (maquetas, folletos, paneis, carteis, pósters...) para presentar no Congreso.

III. - Memorias

No remate do proxecto, e antes da realización do Congreso, cada centro enviará ao correo ***revitalizapontevedra@hotmail.com*** unha memoria que inclúa:

- Título do proxecto
- Nome e apelidos do alumnado participante e do profesorado coordinador.
- Xustificación e obxectivos.
- Metodoloxía.
- Actividades realizadas
- Conclusións

☞ *Para calquera dúbida sobre o presente programa, contactar en:*

✉ ***revitalizapontevedra@hotmail.com*** ☎ ***986264193 986505180 - 607351501***